

Primaria

# Valores Sociais e Cívicos 3

Programación

## Trimestre 2

1. Presentación do trimestre
2. Obxectivos didácticos
3. Contidos do trimestre/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliáveis
4. Selección de evidencias para o portfolio
5. Competencias: descritores e desempeños
6. Tarefas
7. Estratexias metodolóxicas
8. Recursos
9. Ferramentas de avaliación
10. Medidas para a inclusión e atención á diversidade
11. Autoavaliación do profesorado

## 1. PRESENTACIÓN DO TRIMESTRE

### Título

Rodéannos persoas interesantes.

### Descrición do trimestre

Este trimestre céntrase en aspectos relativos ás relacións interpersoais. Comeza orientado cara a asuntos que teñen que ver coa comunicación lingüística, tratando de reflectir aspectos complementarios aos que habitualmente se estudan na materia de Lingua.

O tratamento da comunicación de emocións ou a argumentación son especialmente relevantes, así como o recoñecemento dos demais como interlocutores e persoas cos mesmos dereitos ca nós. Por iso se pecha o trimestre cunha unidade dedicada á xustiza.

Por medio das diferentes actividades propostas nas unidades deste trimestre, preténdese que os alumnos e as alumnas adquiran os coñecementos seguintes:

- Debemos aprender a escoitar aos demais atendendo ao que queren dicir tanto coas súas palabras coma cos seus xestos.
- Intentamos comunicarnos mellor, tanto coa linguaxe verbal coma coa non verbal, esforzándonos por recoñecer as emocións propias e as alleas.
- Aprendemos que é a argumentación e a súa importancia.
- Dámonos conta de que non vivimos sos e de que debemos respectar as persoas que nos rodean: os compañeiros, os amigos e a familia.
- Asumimos que os demais teñen dereito a pensar de xeito diferente de nós.
- Esas persoas que nos rodean son diferentes de nós, pero merecen todo o noso respecto.

### Temporalización:

Unidade 8. Sen palabras	Xaneiro	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
Unidade 9. Con palabras	Xaneiro	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
Unidade 10. Enténdesme?	Xaneiro	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	Febreiro
Unidade 11. Ola!, falamos?	Febreiro	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
Unidade 12. Adiviña como me sinto	Febreiro	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	
Unidade 13. Temos ideas diferentes	Marzo	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
Unidade 14. É xusto?	Marzo	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	

## 2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Coñecer e manexar recursos para unha comunicación eficaz e positiva.
- Desenvolver estratexias para mellorar a relación coas persoas que nos rodean, tanto no ámbito escolar coma coa familia e cos amigos.
- Recoñecer que as diferenzas persoais poden ser enriquecedoras e utilizadas na aprendizaxe e na convivencia cotiá.
- Aprender algunhas normas de conduta social e moral que poden resultar útiles no presente e no futuro.

### 3. CONTIDOS DO TRIMESTRE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis
<ul style="list-style-type: none"> <li>• A comunicación non verbal.</li> <li>• A comunicación verbal e a capacidade de escoitar.</li> <li>• A capacidade de argumentar.</li> <li>• A expresión dos sentimentos.</li> <li>• O diálogo argumentado e o respecto polas opinións distintas.</li> <li>• O respecto polos demais.</li> <li>• A xustiza.</li> </ul>	1. Recoñecer e utilizar a linguaxe non verbal.	1.1. Recoñece con claridade e coherencia opinións, sentimentos e emocións de xeito non verbal. 1.2. Recoñece mensaxes non verbais e a súa relación coa comunicación de emocións.
	2. Saber escoitar e sentir de xeito empático.	2.1. Escoita e entende a comunicación poñéndose no lugar do outro. 2.2. Coñece e recoñece o valor dunha escoita activa e positiva.
	3. Conversar falando de xeito adecuado.	3.1. Expón respectuosamente os seus argumentos. 3.2. Expresa as súas opinións de forma eficaz e ben argumentada.
	4. Comunicar eficazmente sentimentos.	4.1. Colabora en actividades demostrando interese polos demais. 4.2. Comparte sentimentos cos demais.
	5. Dialogar compartindo argumentos.	5.1. Mantén un diálogo respectuoso e aberto. 5.2. Valora o diálogo como medio de comunicación eficaz.
	6. Actuar con tolerancia e respectar as diferenzas.	6.1. Atribúelles dignidade aos que o rodean e trátaos en consonancia. 6.2. Mostra unha actitude tolerante cara aos demais.
	7. Reflexionar sobre a xustiza.	7.1. Entende o sentido da xustiza. 7.2. Trata de actuar dun xeito xusto respecto aos demais.

#### 4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar buscaremos evidencias dos alumnos que mostren a súa evolución en cada un deles.

No anexo de avaliación propónse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe. O cadro seguinte suxire unha selección dalgunhas destas posibles evidencias. Os docentes poderán substituílas por outras que consideren máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Libro do alumno (A) / Proposta didáctica (PD)

Estándares de aprendizaxe avaliados	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. Recoñece con claridade e coherencia opinións, sentimentos e emocións de xeito non verbal. 1.2. Recoñece mensaxes non verbais e a súa relación coa comunicación de emocións.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades da unidade 8 do A.</li> <li>• Actividades de aprendizaxe cooperativa da PD.</li> </ul>
2.1. escoita e entende a comunicación poñéndose no lugar do outro. 2.2. Coñece e recoñece o valor dunha escoita activa e positiva.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades das unidades 8-12 do A.</li> <li>• Actividades de aprendizaxe cooperativa da PD.</li> </ul>
3.1. Expón respectuosamente os seus argumentos. 3.2. Expresa as súas opinións de forma eficaz e ben argumentada.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades da unidade 11 do A.</li> <li>• Actividades complementarias da PD.</li> <li>• Actividades de repaso do segundo trimestre do A.</li> </ul>
4.1. Colabora en actividades demostrando interese polos demais. 4.2. Comparte sentimentos cos demais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades da unidade 12 do A</li> <li>• Actividades de aprendizaxe cooperativa da PD.</li> </ul>
5.1. Mantén un diálogo respectuoso e aberto. 5.2. Valora o diálogo como medio de comunicación eficaz.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades das unidades 10-13 do A.</li> <li>• Actividades complementarias da PD.</li> <li>• Actividades de aprendizaxe cooperativa da PD.</li> </ul>
6.1. Atribúelles dignidade aos que o rodean e trátaos en consonancia. 6.2. Mostra unha actitude tolerante cara aos demais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades da unidade 13 do A.</li> <li>• Actividades complementarias da PD.</li> </ul>
7.1. Entende o sentido da xustiza. 7.2. Trata de actuar dun xeito xusto respecto aos demais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades da unidade 14 do A.</li> <li>• Actividades complementarias da PD.</li> </ul>

## 5. COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística.</i>	Comprender o sentido dos textos escritos.	Entende o enunciado dos exercicios sen necesidade de axuda.
	Captar o sentido das expresións orais.	Comprende o que din o seu mestre e os seus compañeiros.
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</i>	Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.	Considera calquera situación problemática seguindo o razoamento lóxico e as estratexias de resolución de problemas.
<i>Competencia dixital.</i>	Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.	É capaz de realizar as actividades dixitais.
<i>Aprender a aprender.</i>	Planificar os recursos e os pasos necesarios no proceso de aprendizaxe.	Segue os pasos establecidos na resolución de problemas.
	Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.	Avalía a aprendizaxe para retroalimentar o coñecemento.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.	É respectuoso cos distintos ritmos de aprendizaxe nos traballos en grupo.
	Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.	Desenvolve a capacidade de diálogo cos demais e recoñece a riqueza na diversidade de opinións e ideas.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	Ser constante no traballo superando as dificultades.	Identifica os seus erros na tarefa.
<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.	Mostra unha actitude tolerante ante a diversidade humana, escoita activamente e argumenta as súas opinións.

## 6. TAREFAS

Libro do alumno (A) / Proposta didáctica (PD) / Libro dixital (LD)

**Tarefa 1:** Comunicámonos eficazmente.

- Aprendemos estratexias comunicativas.
- Descubrimos a importancia dunha escoita activa.
- Valoramos a exposición respectuosa das ideas.

**Tarefa 2:** Apreciamos a xente que hai a noso arredor.

- Reflexionamos sobre as persoas que nos rodean e sobre a nosa relación con eles.
- Escoitamos aos demais con atención e respecto.
- Realizamos as actividades de aprendizaxe cooperativa da PD.

**Tarefa 3:** Coñecemos e manexamos as emocións.

- Traballamos os contidos das unidades 8, 10 e 12.
- Recoñecemos estratexias adecuadas de relación amigable.
- Completamos con actividades da PD.

**Tarefa 4:** Aprendemos sobre valores.

- Recoñecemos que hai maneiras correctas e incorrectas de comportarse cos demais e argumentamos por que deben preferirse as primeiras.
- Realizamos os exercicios das unidades 13 e 14 do A.

**Tarefa 5:** Que aprendemos?

- Realizamos as actividades de repaso do segundo do A.
- Recompilamos as actividades para o portfolio do alumno.

## 7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

No desenvolvemento das tarefas empréganse diversas estratexias metodolóxicas:

- Traballo reflexivo individual no desenvolvemento das actividades individuais.
- Traballo en grupo cooperativo: agrupar os alumnos en grupos de 3 ou 4 e utilizar as estruturas de traballo cooperativo suxeridas na Proposta didáctica para traballar os principios de definición de obxectivo grupal, interdependencia positiva e interacción cara a cara.
- Posta en común en gran grupo: despois do traballo individual ou grupal.
- Círculos de aprendizaxe.
- Exposición do profesor.

## 8. RECURSOS

Os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Valores Sociais e Cívicos:

- Vídeos, cancións, contos.

- Encerado tradicional ou dixital.
- Folios ou cartolinas pequenas e grandes.
- Lapis de cores e rotuladores.
- Tesoiras e pegamento.
- Reprodutor de CD e música variada.
- Posits.

#### **Recursos dixitais**

- Libro dixital: os alumnos poderán reforzar ou ampliar os contidos estudados utilizando os recursos dixitais dispoñibles.
- A continuación recóllense algúns enlaces web: <http://anayadigital.es>

### **9. FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN**

- Repaso do segundo trimestre («Recordamos o que aprendemos») no A.
- Rexistro de avaliación (no anexo de avaliación).
- Outros recursos: rúbrica, diana, etc. (no anexo de avaliación).

### **10. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

- Que dificultades e potencialidades prevexo no grupo durante o desenvolvemento das unidades deste trimestre?
- Como vou minimizar as dificultades?
- Que necesidades individuais prevexo no desenvolvemento das unidades deste trimestre?
- Que recursos e estratexias manexarei para atender ás necesidades individuais?

### **11. AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO**

- Que porcentaxe de alumnos alcanzaron os obxectivos de aprendizaxe das unidades deste trimestre?
- Que é o que mellor funcionou nas unidades deste trimestre?
- Que cambiaría no desenvolvemento das unidades de cada trimestre o próximo curso? Por que?